



ANO XXXV • Nº 950 - Do 5 ao 18 de setembro de 2016

# XXXIX ROMAXE

## 10 de setembro



# A foto que fala

España: un país resumido na mirada dun can



## O trasno Lume: cinismos e “país”

Daniel López Muñoz



Cando en 2016, arde Galicia, o presidente Nuñez demanda esas cousas que están tan ben cando un goberna: responsabilidade cívica á xente e responsabilidade institucional á oposición. Ben!

Dez anos antes, en 2006, comezaba a gobernar o bipartito. Foi un verán seco e desatado de nordés. E Galicia

ardeu, vaia se ardeu. E non foi “sen querer”. Foi á mantenta. Daquela o actual presidente e o seu equipo de mobilizadores populares armáronlle un batifondo de mil estalos a Suárez Canal, o conselleiro de medio rural con máis visión estratéxica e máis valentía política da historia da Xunta.

Os mobilizadores populares convocaron, mediante a plataforma “*SÓS contra o lume*”, liderada polo alcalde popular de Barro, unha manifestación en Compostela “para demandar que se investiguen las causas y se aclare la verdad” (!!) da vaga incendiaria. Contan as hemerotecas, que o tal líder, retorcendo o sentido común, facía daquela declaracións que rozaban o delirio, como que na autoría dos lumes había quen pensaba – ahá!!! – nun “terrorismo de Estado” ou que respondían a unha “estratexia dos ecoloxistas para repoboar unha Galicia bucólica sen eucaliptos”. A manifestación foi numerosa, vinte e pico mil, moi autobusera e popular, con Rajoy, Feijoo, Baltar. Ollo, Fraga e Cuíña non acudiron.

**O máis terrible é o que** narraron xornalistas presentes, para que non se

esqueza: que alí subiu unha rapaza a quen lle morrera o pai no incendio de Campo Lameiro, e tamén a filla e neta das falecidas en Cerdedo. Esta acusou á Xunta da morte da súa nai e da súa avoa e deixou dita a frase do día: “Que ironía, señores de la Xunta, yo les voté». Despolitizando o lume, e a dor, diríamos.

Seguimos sen determinar o motivo do incendiario. Entre 2006 e 2016 houbo tempo de investigalo. Ou non. Pero, cinismos á parte, non é un motivo, serán varios. E se alén dos motivos concretos hai algo así como unha causa en común –cómpre reiteralo de novo– terá que ver co autodesprezo polo noso que ten unha importante parte da nosa poboación. O monte vale pouco, como vale pouco a bonitura dunha costa virxe, sen *urbanizacións*. Como nada valen as casas de vello, coa súa cantería que amilagra. Como pouco vale o idioma propio, o produto propio, a paisaxe, a sabedoría de noso. Queimamos o monte porque é noso. Iso si, como a presunta incendiaria de Cerceda, xa postos, facémolo cun chisqueiro no que pon: *Amo a Galicia*.

# Editorial ○ importante

Cando nos chaman a votar, **en** Galicia, para un goberno **de** Galicia é cando máis convén pegar os oídos á terra e escoitar o que a terra demanda.

Insistimos no sentido común, porque os medios empéñanse en que poñamos a atención nos ires e vires e díxome-díxome de dentro dos partidos, sobre todo dos partidos que poden supoñer un cambio de rumbo para este país. Centrémonos. E postos os ollos e os oídos na terra e na xente, construíamos a nosa propia carta de urxencias e prioridades:

Que necesita o noso medio rural para reinventarse como un lugar vivo, atractivo, produtivo, prestixiado e con futuro, combinando tradición e modernidade... e que forza presenta alternativas para logralo?

Que políticas hai que introducir para romper a actual tendencia á desigualdade, para que ningunha familia quede sen vivenda, para que ningún neno medre co estigma e o castigo da exclusión social? E que partido ten boas propostas ao respecto?

Ou que precisa a nosa mocidade para non ter que marchar, para formarse nesas especialidades que o país, de seu, debería ofertar ou para mellorar o abano de oportunidades con proxectos creativos, innovadores e de futuro, para reter e atraer talento xuvenil? E que forza política está preparada para iso?

Que habería que facer para cambiar a grande estafa á que someten a Galicia as compañías eléctricas que se aproveitan do territorio sen concedernos a máis mínima compensación social ou territorial? E quen está traballando nestes temas?

## Convén pegar os oídos á terra e escoitar o que a terra demanda

Que precisan a nosa cultura e a nosa lingua para sacudir complexos e prexuízos, para convertérense en bandeira do orgullo dun país que se abre ao mundo desde o que é, sen disfrazarse? E que forza política ten o convencemento e a enerxía para conducir este proceso?

Que precisan os nosos sectores produtivos estratéxicos; o mar, o naval, o agroalimentario, o metal, o téxtil, o forestal... e quen está facendo propostas válidas?

Que precisa o noso territorio para equilibrarse demograficamente, para estruturarse como unha rede habitable, comunicada con transporte público, integrada e sostible? E quen está deseñando ese futuro?

Quen ten creto e traxectoria como para plantarlle cara á corrupción, ao caciquismo a ese devastador “facer as cousas só para os meus e a cambio de que sigan sendo meus”?

O demais tamén conta, por suposto. Pero o importante é como está o panorama e que saídas ten. Velaí a cuestión das próximas eleccións galegas.

## Rumores de esperanza

Xan Guillén

Rematou o tempo de vacacións (para os que tivemos sorte de telas) e comeza a rutina. Hai un feito que sempre supón a volta á normalidade. Trátase da romaxe. Véndoo ben é un xeito moi positivo de comezar o curso atopándonos todos e todas para facer festa.

Motivos para festa non faltan no día a día se os sabemos mirar. Por exemplo, a miña filla de catro anos xa sabe que quere ser de maior. Vai ser bombeira. Pois paréceme estupendo. De todas maneiras o mellor de que sexa bombeira é que ninguén lle dixo que iso non podía ser ou que esa era unha profesión de homes. A día de hoxe ninguén a corrixiu. É estupendo pensar que a miña filla non terá limita-

cións profesionais baseadas no que un ten entre as pernas. Pequeno detalle “anormal”: O corrector ortográfico do ordenador non reconece a palabra “bombeira” mais si “bombeiro”.

Pero sen dúbida a miña filla débelle esta liberdade a todas as mulleres que decidiron loitar para facer normal algo que non era tan normal. Como as primeiras mulleres universitarias do século XIX ou as mulleres que no século XXI loitan por poder conducir en Arabia Saudí. Tamén por todas as mulleres que loitan por ter o mesmo recoñecemento deportivo tal como vimos nos Xogos Olímpicos.

Oxalá a miña sexa bombeira ou que non o sexa. Que sexa médica, policía, condutora... Que sexa o que realmen-



te queira ser igual ca o meu fillo. E serao grazas ás centos de mulleres que o fixeron posible. De toda a nosa sociedade depende que sexa agradecida con elas.

1




3



2



4



## A peneira

1

O 2 de outubro a Irmandade Manuel María e Xermolos convocan a celebración da **AFIRMACIÓN DA DIGNIDADE** no Pedregal de Irimia, celebrando a vida e obra de Pepe Chao e rexeitando os eucaliptais que invaden este eixo nutricional e axial da Matria.

2

A veciñanza de Vilalba ao pé do río da súa crianza celebra o 18 o labor de **XULIO XIZ** coma comunicador: transmitindo a Manuel María, Díaz Castro, difundindo os cantares de cego recollidos por Mini e Mero ou traballando a prol da liberdade da Televisión de Lugo fronte a outras canles, voces do seu amo.

3

O 20/23 é o congreso de **ECOLOXÍA** en Lugo, unha solución para fornecernos dunha alimentación sa e global. Na foto, o alumnado do Monte Caxado das Pontes coidando a súa horta ecolóxica na que cultivan segundo a estación meteorolóxica, na que estudan clima e labores.

4

O Camiño Olímpico de **RÍO**, o máis transitado polo campión de piragüismo Cristian Toro de Viveiro e as/os outros deportistas, foi construído pola empresa ourensá Copasa á par dunha local. Pero os investimentos galegos no Brasil son mínimos, un 1%, nun país no que conviven 60.000 galegos/as.



5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

## O 24 os **CENTROS PENITENCIARIOS**

celebran a Mercé. Na foto, internos de Bonxe colaborando coa conservación das Ínsuas do Miño. Recollen herba ao xeito tradicional, nunha das súas accións coa Asociación de Custodia do Territorio de Rábade.

6

Mentres minguan os votos no país, medran na Galiza emigrante, 9870 máis. Parte proceden dunha **MOCIDADE** que tivo que exiliarse porque aquí non ten futuro. O 26,6% dos menores de 35 anos están no paro e os que traballan teñen un salario un 10% menor cá media estatal.

7

O 27 volveu escoitarse en Doiras de Cervantes o clamor contra a involución no **ENSINO**, negandolles ás crianzas as oportunidades que teñen noutras comarcas, pechando máis de 50 escolas unitarias nestes anos, agravando o despoboamento da Montaña sen este servizo fundamental.

8

Sectores de **CERDEDO** e Cotobade loitan por fusionar os concellos, cando ata agora perderon a oportunidade de unirse para loitar contra as desfeitas do patrimonio común coma o Monte Seixo, convertendo a Terra de Montes nunha paisaxe doente pola destrución das raíces do comunal.

# Política Eleccións xerais ...haber ...haberaas

Carlos Vázquez G.



*Fórmese ou non Goberno, eleccións vai volver habelas, máis cedo ca tarde. Non é porque a situación política sexa moi inestable en si mesma, senón porque o cambio de modelo iniciado require novos axustes que precisan tempo e novos comportamentos políticos aos que os nosos representantes non están afeitos, e precisan dun tempo para afacerse.*

O mesmo electorado ha de adecuarse a un novo modelo máis plural, se este se chega a consumir. Estivéronnos predicando que o peor sería unha nova volta electoral e que, para evitalo, xustificárase practicamente calquera acordo. Aínda un pacto contra natura sería mellor ca repetir as eleccións, dinnos dramaticamente.

Pois nin tanto arre que fuxa, nin tanto xo que se deite, porque, aínda que haxa Goberno, dada a súa inestabilidade de orixe e a moi probable levidade dos pactos, así como os complexos e graves problemas que deberá abordar decontado, a lexislatura durará moi pouco.

É verdade que a excesiva repetición próxima das eleccións non é boa, cansa e aburre ao persoal, incide nunha certa parálise da administración pública e supón un freo para tomar e asumir decisións políticas necesarias; incluso pode supoñer un gasto excesivo para o erario público. Pero non é menos certo que a democracia e a convivencia esixen a participación dos cidadáns cando é precisa, e resulta natural que, en tempos de inestabilidade, de crise, de procura dun novo modelo e de cambios de fondo se requira unha participación máis activa e seguramente máis frecuente da cidadanía, que é o suxeito soberano que ten que decidir.

É posible, polo tanto, que doutra volta unhas novas eleccións xerais sexan un contra-tempo, mais, se son necesarias, haberá que asumilas e celebralas con vontade política de avanzar.

Queirámolo ou non imos vivir tempos onde se vai requirir con máis frecuencia a nosa opinión e o noso voto. Incluso é desexable que, cando menos, se conte coa cidadanía bastante máis ca no período bipartidista, no que moitos políticos case teorizaban xa que, con votar cada catro anos, chegábanos ben, reducindo a participación cidadá ao sufraxio e á submisión ás leis, que eles mesmos facían con moi escaso control democrático.

En todo caso, é preciso sinalar que o bipartidismo retrocedeu, pero resiste, e non está asegurado aínda un modelo novo, máis plural e participativo, o que nos leva a pensar que non só terá que haber eleccións e consultas con máis frecuencia, senón tamén máis mobilización cidadá, se o que se quere é un cambio real.

en tempos de crise,  
de procura dun novo  
modelo, requírese unha  
participación máis activa  
e frecuente da cidadanía



# O peto común

Rubén Aramburu

O día 8 de setembro lembramos ao poeta Manuel María, é a data do seu pasamento. Dende hai anos celébrase unha curiosa liturxia laica promovida pola Irmandade Manuel María da Terra Chá e Xermolos. Hai xantar de encontro e amizade, a sobremesa en Pena de Rodas con evocación participada e libre do poeta para baixar logo ata o cemiterio de Outeiro de Rei, onde a carón da tumba do Manuel hai recital voluntario de poemas, pensamentos e cantares.

O remate é fermoso: na Carballeira de Santa Isabel, ou Sabela, onde se xuntan o Miño e o Ladra, naquela para-xe fermosa onde un ano fixemos Romaxe acompañados do poeta, faise entrega da Navalla do Manuel a algunha persoa significada na defensa da cultura, da lingua, do ser do noso país.

Velaí que a título póstumo, este ano recollerá a Navalla o noso benquerido Paco Carballo. Xurdirá o seu ser bo e xeneroso dende a brava serra de San Mamede aló en Maceda. Chegará Paco Carballo no corazón dos amigos, nas mans traballadoras, nos soños e nos cantos, na nosa Historia, esa Historia nosa roubada, agochada, e que Carballo rescatou para toda a xente galega.

En novembro irán dous anos da súa marcha. Quedamos tan orfos sen a súa presenza! Agora que os tempos veñen virados de novo para Galiza, agora que parece que escachan as ilusións e todo torna gris e miserento, escoitemos dende os fondo das fragas a voz compañeira do Manuel e do Carballo: Resistamos! Quen resiste vence!

Cómpre, irimegos e irimegas, achegámonos o día 8 á Carballeira de Santa Isabel, e recoller entre todos a Navalla de Manuel no nome de Carballo, unha navalla para tallar esperanzas coma aquel aradiño de pau, *fixen coa miña navalla, un aradiño de pau, un aradiño de pau...*



## O CARRABOXO por XOSÉ LOIS





# XXXIX Romaxe Romaxe 2016: Romeiros do Alén

Calros Solla

**Anunciamos a nosa Romaxe con este artigo lindo do profesor Calros Solla, extractado por razóns de espazo<sup>1</sup> e que serve para ver e celebrar como se perciben as angueiras da Irimia desde outras asociacións que defenden a terra e ás xentes de Galicia e loitan por preservar e mellorar o máis enxebre do noso legado a futuras xeracións. As asociacións “Canón de Pau” e “Capitán Gosende”; á que pertence C. Solla, colaboran na organización desta romaxe número trinta e nove.**



## XXXIX Romaxe de Irimia no monte do Seixo

***O sábado 10 de setembro, a pouco que a meteoroloxía o propicie, o monte do Seixo converterase en escenario dun dos eventos con máis sona e arraigamento de cantos se celebran no País: a Romaxe de Irimia, o multitudinario encontro dos crentes galegos que este ano acadará a súa trixésimo nona edición. A Asociación Irimia, con case corenta anos de existencia, promove dende a súa fundación (setembro de 1978) unha galeguidade cristiá, sublimada na “tolerancia, o diálogo, a solidariedade, a loita pola liberdade, a xustiza e a paz”***

Ano tras ano, *Irimia* escolle lugares cheos de significado, referenciais da nosa historia e cultura: o Pedregal de Irimia (Meira, 1978), o monte Aloia (Tui, 1983), a Ponte Ledesma (Boqueixón, 1984), O Incio (1988), o monte Faro (Chantada, 1991), o castro de Penalba (Campo Lameiro, 2000), a serra da Capelada (Cedeira, 2004), Chan da Arquíña (Moaña, 2006), Santa Uxía de Lobás (O Carballiño, 2013), as Penas de Rodas (Outeiro de Rei, 2015)...; e, paseniño, até trinta e nove selleiras localizacións que son reflexo da nosa sublime idiosincrasia.

A título persoal, a escolla do monte do Seixo como marco para a romaxe irimega é motivo de fonda ledicia e grande responsabilidade; así mesmo, un soño cumprido. Neste noso país, erguer a voz, posicionarse sen ambages, preservar a dignidade é tarefa ardua que, adoito, implica camiñar en soidade, sen apoio ningún das institucións. O colectivo Capitán Gosende ábrese camiño nesta conxuntura pouco favorábel. Supeditados á carencia de medios, nada pedimos, nada ficamos a deber.

En febreiro de 2015, a directiva de *Irimia* convidou os integrantes de

Capitán Gosende como relatores na súa Festa do Lume que, baixo o lema “Facendo país de abaixo a arriba” se celebrou no mosteiro de Bergondo (A Coruña). Estas eran as razóns do convite: “*Na Festa do Lume 2015 da Asociación Irimia queremos celebrar e aprender do mellor que pasa no noso País. O asociacionismo de base en Galicia, aquel que se centra directa-*

**“Capitán Gosende”  
deu a coñecer  
na Festa do Lume  
o seu labor de  
dignificación e  
denuncia na zona**

*mente en alentar e transmitir a cultura galega, ou aquel outro que dinamiza as nosas comunidades, que organiza desde abaixo os diferentes eidos da nosa vida, ao tempo que revive a nosa identidade..., ese asociacionismo é unha realidade que existe e resiste”*

A delegación de Capitán Gosende deu a coñecer en Bergondo a súa



“folla de ruta”, o seu humilde labor de enalzamento e dignificación cultural desenvolvido no concello de Cerdedo; denunciando os desmandos cometidos (ou pendentes de comisión) contra o patrimonio cultural e ambiental da zona: parques eólicos, hidroeléctricas, tren de alta velocidade, destrución da flora autóctona, eucaliptización, praxe caciquil, abandono, despoboamento...

Naquela Festa do Lume anunciouse o monte do Seixo como destino espiritual da romaxe para o ano 2016. Cómpre salientar que tanto a promoción cultural do monte do Seixo (angueira de anos) como a responsabilidade organizativa da 39ª edición recaeron e recaen nas asociacións culturais, contrarrestando o proverbial desleixo das administracións.

#### **O ramo entregado nas Penas de Rodas**

Hai casementos un ano, ao pé das Penas de Rodas, o santuario solar de Outeiro de Rei (Lugo), lugar da 38ª romaxe, unha representación do colectivo Capitán Gosende “recolleu o ramo”. Aquela xornada de refulxente irmandade permanece indelével no maxín. Quen non se viu nunha semellante, aínda non experimentou a enerxía creadora e transformadora do noso pobo, unido en prol da causa común.

Naquela mesma data, os compañeiros do colectivo cotobadense Canón

de Pau ofreceron a súa inestimábel axuda para turrar xuntos do carro, oferta que aceptamos gustantes e agradecidos, coñecedores da súa ampla e xenerosa traxectoria.

A XXXIX Romaxe de Irimia terá lugar, pois, no alto do Seixo, por riba dos 900 m de altitude. Todos os camiños conducirannos á chaira da Santa Mariña na alborada do segundo sábado de setembro. Oxalá non chova!


O encontro evocará feitos pasados. Dende tempo inmemorial, naquela encrucillada, centos de labregas e labregos da redonda do Seixo, mediado o mes de Santiago, galgaban corgueiros e costaneiras para participaren,

## Dende tempo inmemorial labregas e labregos da redonda participaban da liturxia do viño en cunca, do polbo á feira, do amigábel parrafeo

nesa terra de ninguén e de todos, non só da transacción, senón da liturxia do viño en cunca, do polbo á feira e do amigábel parrafeo.

#### **A montaña máxica**

O 14 de setembro de 1810, hai xa 206 anos, ao pé do marco da Santa Mariña -antigo linde de Montes, Cotobade e Caldevergazo (A Lama)-, tivo lugar unha xuntanza á que asistiron os xefes das Alarmas da contorna. Os



A lumieira de Portalén

afoutos milicianos do “canón de pau” deseñaron a estratexia, previndo o contraataque do exército napoleónico, aínda activo en Portugal. Loitábase pola liberación, loitábase pola independencia.

Canón de Pau e Capitán Gosende unimos esforzos para facilitar o feliz acontecemento. Ambas as dúas asociacións adherímonos ao sentir da veciñanza integrada nas plataformas “antifusión”, pois entendemos que a arbitraria decisión de unir os dous concellos só agocha escuros intereses partidistas e persoais, unha mostra máis do proceder caciquil que converteu aquel territorio nun ermo desesperante.

Após catro décadas, os irimegos son custodios dunha arca ategada de gozosas experiencias, vividas en lugares excepcionais. Agradecemoslle a Irimia a deferencia de erixir o monte do Seixo como acaído marco de convivencia. Non cabe dúbida que



Ermida de Santa Mariña

# XXXIX Romaxe Romaxe 2016: Romeiros do Alén

Calros Solla

a súa decisión se viu favorecida polo incesante labor de defensa dos valores que atesoura o monte do Seixo: arqueoloxía, mitoloxía, natureza. Cómpre lembrar que o primeiro roteiro guiado polo Seixo se remonta ao ano 2002 e que a primeira edición do Roteiro da Montaña Máxica data do ano 2005. O monte Seixo..., transformado groseiramente nun parque eólico alá polo ano 2000.

Ben sabemos que, hoxe por hoxe, un dos atractivos da comarca é a peneda de Portalén, a mítica porta do Outro Mundo, en cuxa descuberta e posta en valor investín moito do meu tempo. Ao fío, os medallóns conmemorativos da XXXIX Romaxe, lucirán, baixo o lema “Romeiros do Alén” (Gondar *dixit*), a silueta de Portalén, segundo o deseño da ilustradora Ana Santiso.

Galegas e galegos de ben, provenientes dos catro puntos do País, congregáronse na Santa Mariña do Seixo

para proseguir o ascenso cara á aldea de Carballás (sita a 6 km de Cerdedo). Deixen Carballás e continúen viaxe, dereitiños xa cara ao alto do monte. A 11 km de Cerdedo, a carón do transformador do parque eólico, desaparece a estrada asfaltada. Prosigan pola pista central uns 3'5 km, dirección sueste, até atopar a ermida da Santa Mariña (a 14'5 km de Cerdedo), lugar da romaxe.

Os actos comezarán ás **11:00 h da mañá do sábado**. Un petisco de requieixo con mel sobre galleta mariñeira e un fermoso marcapáxinas da autoría de João Bieites serán o agasallo de benvida. No marcapáxinas reproducése o gravado rupestre denominado “Laxa da Romaxe I”, descuberto no monte de Pedre polos exploradores de Capitán Gosende en outubro de 2015. O petróglifo representa talmente unha foliada de hai 4.000 anos. As actuacións do grupo A Quenlla, con Mini e Mero á cabeza, do grupo

## A santa Mariña, advocación do monte do Seixo, é paradigma do pobo resistente.

para compartir unha xornada de exaltación da galegitude. Súmense, pois, a esta festa da música, da palabra, da amizade e do sentimento.

### Como chegar e outros consellos prácticos

Desafiando o azar meteorolóxico (o lema do noso colectivo é “Que chova que vente, Capitán Gosende!!”), verémonos no Seixo. Se informados do evento, desexan tomar parte, conflúan, de primeiras, na localidade pontevedresa de Cerdedo. Dende alí collan o desvío cara a Presqueiras e San Domingos (PO-2204), en dirección ao parque eólico (no eido da sinalización, en Cerdedo seguen negando a existencia do monte do Seixo, máis alá da industria que o invadiu). Percorridos uns 4'5 km., viren á dereita

Trubincos do Batán e do cantautor Tino Vaz, amenizarán o encontro.

O contido da celebración xirará arredor de tres lendas tradicionais da contorna: a profecía do Tecelán de Carballás, a malfadada santa Mariña e Portalén. O Tecelán de Carballás, vello vedoiro, prognosticou, xacando, a ruína e abandono do rural. A economía tradicional, ecolóxica e sustentábel, supeditada á ditadura do capitalismo. Por outra banda, consonte o saber popular, a santiña do Seixo preferiu morrer xugulada antes de entregarse ao invasor romano. A santa Mariña, advocación do monte do Seixo, é paradigma do pobo resistente. Finalmente, Portalén, a soleira do Máis Alá, converterase na porta de acceso a unha nova dimensión, rexa



Imaxe da santa Mariña do Seixo

e revitalizada, do noso celme. Para ritualizar o “paso da Porta” (“Eu renazo galego!”) cómpre que cadaquén faga a viaxe provisto dunha pedriña que, poñéndolle o ramo ao acto e a xeito de exvoto, se ha depositar formando un milladoiro.

Ao remate da sección celebrativa, gozaremos dun xantar en fraternidade. Haberá servizo de bar-restaurante baixo carpa e un telderete de polbo á feira. **Cadaquén traerá a súa comida, mais quen o prefira, ten a posibilidade de, coa debida antelación, encargar o xantar (racións de polbo, empanadas, bocadillos, bebida, pan...) no seguinte nº de teléfono: 630825203 (Restaurante “O Meu Lar”).**

Non esquezan **engadir á súa equipaxe algo de roupa de abrigo, un parasol ou paraugase/ou unha viseira**. As cadeiras e asentos nunca están de máis. Pola tarde, aqueles que o desexen, poderán participar da chamada “oración da tardiña” que terá lugar na carballeira de San Xusto (Cotobade).

**Benvidos ao Seixo, irimegos; benvidos ao Seixo, Romeiros do Alén!!**



*Recuperamos neste artigo o editorial de Irimia do número 821, como recoñecemento ao compromiso e a coherencia de Agustín Fernández Paz. O texto ten seis anos, pero podía ter trinta ou corenta, porque os valores que acompañaron o percorrido vital de Agustín non mudaron. Foi unha persoa que sempre tomou en serio a nosa lingua, o noso patrimonio e o noso territorio, que sempre documentaba cada unha das súas obras, conferencias ou charlas informais. El, que fixo aparecer nos seus relatos o trasmundo mítico galego, xa chegou ao centro do labirinto. Agora tamén é un romeiro do alén.*



Adaptación da ilustración de homenaxe a Agustín realizada pola Biblioteca Rialeda (Perillo)

Non é este un dato moi coñecido, pero na primeirísima *Irimia*, aquel semanario que comezou a redactarse en Vilalba, con Pepe Chao e Sari, con Victorino Pérez, con X.A. Miguélez e Manolo Regal, había unha colaboradora chamada Magdalena Mariño. Ese era o alcuño que se puxo Agustín Fernández Paz, un profesor de secundaria que escribía sobre ensino e pedagogía.

Case trinta anos despois Agustín Fernández Paz é un respectado e premiadísimo escritor en Galicia e no mundo, incluída España, que lle concedeu o premio nacional de literatura infantil e xuvenil na súa edición de 2008, pola súa obra *O único que queda é o amor*. Amor e coherencia.

Estes días Fernández Paz estivo moito na prensa, por algo nada habitual: por renunciar, por coherencia, a un premio importante, concedido pola actual Xunta, a través de Cultura e Turismo: o premio da cultura galega.

Desde *Irimia* sentimos agradecemento e orgullo polo noso colaborador daqueles inicios, un xesto que marca camiño. E dalgunha maneira sentimos que aquel espírito de gratuidade, de servizo, de anonimato e ausencia

de protagonismos, de militancia a prol do aparentemente imposible, de todo iso que vive en *Irimia* desde sempre... está presente nesa decisión da nosa benquerida Magdalena Mariño. Ademais, o Agustín fíxoo con elegancia, sen ruído, con consistencia. Negouse a facer declaracións; só un comunicado breve e conciso: agradece ao xurado que se fixasen nel, considera que o premio é para todo un colectivo de escritores de literatura xuvenil e di que non o pode aceptar porque está comprometido coa palabra dada no manifesto do colectivo Prolingua, ao que se remite.

Que di ese manifesto? Algo elemental, contundente, limpo. Co título de “Rosalia Castro non o aceptaría” manifestan “que nin a actual Xunta nin o seu Presidente, responsables ante a Historia de lexislaren por vez primeira contra a nosa lingua, poden atribuírse agora o papel de benfeitores da cultura galega” Aínda máis: “as mellores intelixencias deste país non aceptarán ser utilizadas... e xulgamos lexítimo non aceptar ningún premio que veña hipotecado por agresións contra a mesma cultura que se finxe exaltar con protocolario boato”



Victorino Pérez Prieto



Gülen e Erdogan en 1990

O pasado 15 de xullo houbo un intento de golpe de estado en Turquía, que deixou máis de douscentos mortos e miles de feridos. Turquía non é xa un país que nos fique moi afastado. O que alí está a acontecer aféctanos, especialmente cando este suceso está próximo aos recentes atentados terroristas no noso continente que crearon unha sensación de inseguridade, o que parece significar un chanzo máis na escalada de violencia mundial.

## É contradictorio falar de golpe de estado militar laico e implicar a un clérigo musulmán.

A tentativa militar pretendía derrocar ao dirixente que máis marcou a Turquía moderna logo de Atatürk: Tayyip Erdogan. Nun primeiro momento, temeuse que fose un golpe islamista; o que facía medrar o medo ao terrorista “Estado islámico” (Dáesh). Pero enseguida comprendemos que si o golpe era dos militares non podía ser así: os militares turcos

son maioritariamente laicos desde a instauración da moderna Turquía por parte do xeneral Mustafá Kemal (Atatürk), que se fixo co poder nunha insurrección contra as potencias europeas ocupantes trala Primeira Guerra Mundial (1918).

Os militares retiráronse anos despois do goberno, pero seguiron manexando os fíos do poder en Turquía, protagonizando catro golpes de estado entre 1960 até a actualidade. No 2007 o Estado Maior do exército turco intentou vetar a designación de Abdulá Gül como presidente, e Tayyip Erdogan, entón primeiro ministro, plantoulles cara e convocou eleccións anticipadas. O seu partido, o AKP (Partido da Xustiza e o Desenvolvemento) varreu nas urnas e Gül foi nomeado Xefe de Estado; anos despois, o propio Erdogan accedería á xefatura.

Un islamista moderado e un político malicioso, que se gañou o favor dos turcos cun discurso entre relixioso, liberal e democrático; e fíxoo co apoio dun clérigo: Fethullah Gülen. Este nome empezou a soar nos pasados días aos que non sabían moito desta historia, porque Erdogan acusou-

no de ser o instigador e culpable do golpe. Os que sabiamos algo deste personaxe -que Erdogan considera agora o seu “arquiinimigo”-, quedamos sorprendidos; sobre todo pola contradición entre o feito de se tratar dun golpe militar laico contra un goberno islámico, cando Gülen é un clérigo musulmán. El mesmo negou inmediatamente toda implicación no intento de golpe de estado.

### Quen é Fethullah Gülen?

Gülen é un intelectual turco, nado en 1941, musulmán da rama suní, teólogo, erudito do Islam, moderado e favorable ao achegamento entre as tres grandes relixións monoteístas; polo que ten boas relacións tanto coa Igrexa católica como con Israel. É o fundador do Movemento *Hizmet* (Servizo), que promoveu, primeiro no seu país e logo no ámbito internacional, un labor de pensamento e de educación en prol da concordia e a paz.

Tralo golpe militar de 1997 contra o goberno islamista, Gülen exiliouse a EE.UU., país no que reside desde entón nunha mansión en Pensilvania. Durante anos foi aliado de Erdogan, pero esta relación rompeuse no 2013 cando Gülen acusou ao executivo de Erdogan de corrupción e represión da oposición (como a sufrida polos mozos que protagonizaron os disturbios de 2013 no parque de Gezi de Estambul, ou a represión das protestas na praza Taksim da mesma cidade). En resposta, Erdogan pechou os medios de comunicación afíns a Gülen.

O tema é complexo e non temos todas as cousas claras respecto diso, polos elementos que están en xogo, sobre todo a nivel internacional. Sen ser analista político, ademais de non estar acostumado a escribir de política; o intento de golpe de estado en Turquía resúltame interesante pre-

cisamente xa que Fethullah Gülen representa en algo co que estou fortemente comprometido: o diálogo interreligioso como fundamento dunha sociedade en paz.

### Unha implicación no diálogo interreligioso

O meu interese por Gülen e o seu movemento ten relación desde a miña presenza en Bogotá como profesor de teoloxía, en relación á fundación colombo-turca *Nenúfar*, vinculada intelectual e espiritualmente ao movemento *Hizmet*. Con ela participei hai ano e medio na primeira *Cea de Abraham*, na que nos atopamos membros das relixións xudía, musulmá e cristiá no seu local en Bogotá. Desde entón resultoume sumamente suxestivo e digno de apoio o seu proxecto intelectual, educativo e relixioso, consistente en unir ás tres relixións monoteístas, en conflito desde séculos. O mesmo proxecto que levou ao papa Xoán XXIII e aos seus sucesores a esforzos de encontro e oración común pola paz nos últimos cincuenta anos.

Esta fundación e todos os musulmáns colombianos que coñezo son unha aposta firme de paz e convivencia. Con eles atopeime en numerosas ocasións; reflexionamos e oramos ao Deus/Allah de todos os homes e mulleres; o Misericordioso, o Xusto, o Paciente. *Salam aleikum*. Que a paz sexa con todos.


O movemento *Hizmet* ten entre os seus obxectivos o fomento do diálogo interreligioso.



A tentativa de golpe de estado fracasou xa nas primeiras horas

O día 8 de setembro, en Outeiro de Rei, terá lugar un acto de lembranza a Manuel María organizado pola Irmandade Manuel María e Asociación Xermolos. Comezará cun xantar e continuará coa entrega da Navalla de Manuel María a Raúl Río e Paco Carballo (a título póstumo). Este é o horario para todos/as aqueles/as que queira participar.

Para apuntarse a xantar chamar ao teléfono 646413890.



- 15:00 Xantar de irmandade no Restaurante Río Ladra**
- 17:00 Recital de poesía en Penas de Rodas**
- 18:00 Levamos unha rosa ao cemiterio de Outeiro de Rei, acompañada de versos e comunicados e o himno galego.**
- 18:30 Entrega da Navalla de Manuel María a Raúl Río por Lois Diéguez. Presenta Felipe Senén.**  
**Entrega da Navalla de Manuel María, a xeito póstumo, a Francisco Carballo. Fai a presentación Rubén Aramburu.**  
**Recital de poesía e música polo gaitero Raúl Galego, Mini e Mero, Antón Valcarce, Ceibes de Xermolos...**



**EDITA:** Asociación A. IRIMIA

**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lina Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

**COLABORADORES:** Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

**RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN:** [revistairimia@asociacion-irimia.org](mailto:revistairimia@asociacion-irimia.org)

**SUBSCRICIÓN:** Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / [subscripción@asociacion-irimia.org](mailto:subscripción@asociacion-irimia.org)  
Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

**PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA:** [asociacion-irimia@asociacion-irimia.org](mailto:asociacion-irimia@asociacion-irimia.org)

**CONTA:** ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:** TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

**ISSN:** 2172-9182

**IMPRIME:** TÓRCULO Artes Gráficas

**DISTRIBÚE:** IMPACTA

**EDICIÓN ELECTRÓNICA:** <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>

**FEITO EN PAPEL RECICLADO**





# Boa Nova



## DOMINGO 10 DE XULLO. XV DO TEMPO ORDINARIO

### A PALABRA. Lc 10, 25-37

Naquel tempo, os publicanos e pecadores achegábanse a Xesús para o escoitaren. Por iso os fariseos e letrados murmuraban «Este acolle os pecadores e come con eles.» Entón Xesús contoulles esta parábola: (...) «Un home tiña dous fillos. O máis novo díxolle ao pai: “Papá, dáme a parte da herdanza que me corresponde”. El repartiulles os seus bens. Días despois, este fillo recibiu todo xunto e marchou para un país remoto, onde malgastou a súa fortuna vivindo coma un perdido. Despois de o gastar todo, houbo unha gran fame naquela terra, e empezou a pasar necesidade.(...) Recapacitando, pensou: “Hai que ver! Cantos xornaleiros do meu pai teñen pan a fartar, e eu morro coa fame. Si, vou volver á de meu pai e voulle dicir: Papá, pequei contra o ceo e contra ti; xa non son digno de que me trates coma un fillo, trátame coma un xornaleiro”. Levantouse e volveu onda seu pai. (...) O fillo exclamou: “Papá, pequei contra o ceo e contra ti, xa non son digno de que me trates coma un fillo”. Mais o pai díxolles aos seus criados: “Axiña, sacade a túnica mellor e vestídelas; poñédelle un anel na man e calzado nos pés. Preparade un cuxo cebado para comelo e facer unha gran festa. Porque este fillo meu estaba morto e volve á vida, estaba perdido e atopámolo”. (...)

## Ano da Misericordia

Inmersos no Ano da Misericordia, o Xubileu co que o papa Francisco quere celebrar os 50 anos do Concilio Vaticano II e por a misericordia no centro da vida da Igrexa, volvemos das vacacións e atopámonos cun texto máis que acaído. No capítulo 15 do Evanxeo de Lucas, o autor xunta tres parábolas que son coñecidas coma as parábolas da misericordia: a da ovella perdida, a da moeda perdida e a do fillo estragador.

Deteñámonos nesta última. É curioso como os títulos ou o comentarios introducidos na Biblia ao longo da historia condicionan a nosa lectura e interpretación. Sabiades que só 2 das parábolas de Xesús dáselles nome no propio texto? Estas son a parábola do sementador (Mt 13, 18) e a do xoio na leira (Mt 13, 36). Na Biblia en galego, chámasele “O fillo estragador e o pai bo”. Ben sabedes que en castelán foi nomeada comunmente como a do fillo “pródigo”; isto provocou moitas confusións, ante o punto que é común utilizar a expresión para se referir ao fillo que volve á casa despois de terse independizado, cando en realidade o adxectivo fai referencia á persoa que estraga, dilapida, os seus bens.

Sendo unha parábola con tres protagonistas, as novas edicións das biblias tenden a modificar o título, impóndose agora a denominación de pai bo ou pai misericordioso. Como muda a perspectiva! Poñemos a misericordia no centro de atención.


A través da historia das 3 personaxes, Xesús os criterios cos que se xustifica a xustiza na súa sociedade, pondo no centro a misericordia. Podemos poñermonos na pel dos dous fillos, identificarnos con eles: xa no do pequeno, que inconsciente dos dons que ten, desperdiciaos, non sendo quen de se decatar da súa situación até que fica sen nada e volve onda o Pai. Ou no do primoxénito, que tampouco é consciente do que ten, mais cun ego e unha autosuficiencia que lle impide descubrir o verdadeiro significado da vida.

Podemos identificarnos cos fillos, mais Xesús convidanos a actuar coma o Pai. No proceso de crecemento coma persoas, coma cristiáns, a misericordia é o aspecto central.

José Antonio Martínez

A CLAVE

A PALABRA



## Indicacións e avisos

**Para chegar**, seguir as indicacións do mapa: Cerdedo > aldea de Carballás > rotonda do transformador do parque eólico (Mámoa Ghrande) > ermida da Santa Mariña.

**Aviso 1:** Cadaquén debe traer unha pedriña para ritualizar o “paso da Porta”

**Aviso 2:** No alto haberá servizo de bar-restaurante baixo carpa e un telderete de polbo á feira. Quen o desexe, pode, coa debida antelación, encargar o xantar (racións de polbo, empanadas, bocadillos, bebida, pan...). Teléfono: 630825203 (Restaurante “O Meu Lar”).

**Aviso 3:** Non esquezades algo de roupa de abrigo, un parasol ou paraugas e/ou unha viseira (máis vale previr!).

Máis información, nas páxinas centrais. Boa e participativa Romaxe!

## O Fachineiro das Irmandades da Fala

### Saúde e Terra

Este ano 2016 cumpriuse o primeiro centenario das Irmandades da Fala, o movemento que quixo sacar a Galicia das gadoupas da lenda negra que xa denunciara Rosalía no prólogo de *Cantares gallegos*. A primeira Irmandade creouse na Coruña e logo xurdiron as de Santiago, Monforte, Pontevedra e outras polo País adiante. Tamén cumpre 100 anos o seu xornal, *A Nosa Terra*, que dirixía Vilar Ponte. É moi recomendable a visita á exposición itinerante coa que a Real Academia Galega conmemora esta efeméride, porque non só se fixa nas figuras masculinas coma os Vilar Ponte, Losada Diéguez, Blanco Torres ou os membros do Grupo



Nós; faino tamén nas mulleres dunha xeración (María Miramontes, Amparo López, Micaela Chao...) que xa daquela loitaba pola igualdade, tal como se recolle no seu programa político. Nese documento, tamén figura, por primeira vez a cooficialidade do galego. Por iso convén lembrar as palabras de Antón Vilar Ponte, no medio desta campaña electoral na que ha volver ter oco o racismo lingüístico: “A nosa lingua é o camiño de ouro da nosa redención e do noso progreso: sen a lingua morreremos como pobo, e nada significaremos endexamais na cultura universal”

A.Q.